

CPI SANTA LUCÍA
MORAÑA
CPI SANTA LUCÍA

CPI SANTA LUCÍA
MORAÑA
CPI SANTA LUCÍA



CURSO
2007 - 2008

BEN CHO DIGO
REVISTA ESCOLAR
BEN CHO DIGO

DIRECCIÓN E COORDINACIÓN:

Equipo de Normalización e Dinamización lingüística.

O Equipo de Normalización e Dinamización lingüística do CPI Santa Lucía está formado polos seguintes membros:

Coordinadora:

Sara Sartages Medrano.

Profesores:

Ana Rosa Vidal (Ed. Infantil)

Juan Manuel Campos Míguez "Pencho"

(E.F. Ed. Primaria)

Cruz Veiga Rodríguez (1º Ciclo ESO)

Alumnos:

María Silva Gago (2º ESO)

Persoal non docente:

Divina Fernández Paz

DESEÑO E MAQUETACIÓN:

Juan Manuel Campos Míguez "Pencho"

Sara Sartages Medrano.

FOTOS PORTADA:

Mª Carmen Villar (4º ESO).

Javier Fontán (4º ESO).

A publicación desta revista realizouse con cargo á subvención outorgada pola Dirección Xeral de Política Lingüística ao Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística do CPI Santa Lucía (Moraña).

ÍNDICE

✦ Índice e editorial	3
✦ Actividades extraescolares	4
✦ O noso invernoiro	6
✦ Pancake Day	7
✦ Festival Nadal	8
✦ Agustín Fernández Paz	9
✦ Aprendemos sobre os cans	10
✦ Ilustramos Contos	12
✦ Educación Física en Primaria	13
✦ Fomos á Estrada	14
✦ Coñecemos Santiago de Compostela	15
✦ Fixemos un cesto	16
✦ Disfrutamos da neve	17
✦ Ilustramos a D. Quijote de la Mancha	18
✦ Lenda lobishome	20
✦ Visitamos o Museo do Pobo Galego	22
✦ Excursión de 3º ESO	23
✦ Letras galegas 2008	24
✦ Montelouro	26
✦ Celebramos o Maio	27
✦ A biblioteca recomendamos lecturas	28
✦ Orientación Profesional	30
✦ Seixebra e Arderán	31
✦ Entrevista a J.J. Seijo Mandallo	32
✦ Descubrimos as marabillas de Moraña	33
✦ Despedida 4º ESO	34
✦ Fotos 4º ESO (curso 2007-2008)	35

EDITORIAL

Despois de varios anos sen saír á luz, este curso decidimos retomar a publicación da revista "BEN CHO DIGO" como medio de comunicación e difusión do CPI Santa Lucía.

Ben cho digo rexorde como instrumento para dar a coñecer a toda a comunidade educativa as múltiples actividades extraescolares que se organizaron ao longo deste curso académico 2007-2008, así como diversos traballos realizados por alumnos de Ed. Infantil, Ed. Primaria e Ed. Secundaria; traballos que nos dan a coñecer a nosa cultura, a nosa paisaxe, a nosa música, as nosas lendas.

Así mesmo, infórmanos sobre a posta en marcha e a organización de novos proxectos no centro como é a actualización da biblioteca e permítenos difundir as habilidades creativas do noso alumnado. Comprobaredes as habilidades dos futuros ilustradores, deportistas, artesáns, fotógrafos, agricultores, xornalistas, escritores, artistas, Aproveitamos este espazo para felicitar aos alumnos gañadores do concurso literario "Contos da Lareira": María Gamallo (1º Premio categoría A), Hugo Pereira (1º Premio categoría B) e Esperanza Silva (2º Premio categoría B). Noraboa aos tres.

Tamén atoparedes unha emotiva despedida do alumnado de 4º de ESO que este curso se despide do centro que tantas vivencias lles achegou ao longo das tres etapas. Desexámoslles moita sorte e fortuna na vida.

Iniciamos unha nova etapa de BEN CHO DIGO. Unha etapa que comezamos con moita ilusión xa que á parte dos contidos achegados, que teñen un importante labor educativo, o máis importante é que esta revista permite relacionarnos, coñecernos, compartir experiencias entre todos e todas. En definitiva, queremos que sexa un pilar máis sobre o que se asente as relacións sociais e a convivencia entre os distintos colectivos (alumnado, profesorado e familias) que interveñen na educación.

Esperamos que o traballo recollido neste número sexa do agrado de todos. Animámosvos a que colaboredes con nós no vindeiro curso. A vosa participación será ben acollida. Proximamente poderedes consultar a revista na páxina web do centro (www.cpisantalucia).

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

CURSO 2007-2008

OUTUBRO 2007

- O alumnado de ESO asiste á charla *Aprendemos sen violencia de Xénero*. Colabora o Concello de Moraña.

- O alumnado de 2º e 3º ciclo de primaria, ESO, PDC e PGS asisten a unha charla sobre *O Cambio climático*.

Cinensino: os alumnos de 2º ESO ven a película *Alex rider: Operación Stormbreaker*

NOVIEMBRE 2007

- A editorial Kalandradea presenta unha sesión de contacontos dirixida a Ed. Infantil e ao 1º ciclo de primaria na biblioteca do centro.

- Celebramos a **FESTA DO SAMAÍN** os alumnos de 1º e 2º ESO

- Participamos no concurso de postais de nadal convocado polo Concello de Moraña.

- O 1º ciclo de primaria visita á Estrada (centro comarcal, museo e panadaría Cervela).

- O 2º ciclo de primaria asiste a unha sesión de títeres na casa da cultura de Moraña.

DECEMBRO 2007

- Os alumnos de ESO asistimos á conferencia de Agustín Fernández Paz.

- Celebramos o Festival de Nadal de infantil e primaria e o Festival de Nadal de secundaria.

XANEIRO 2008

- Os alumnos de 3º e 5º curso de primaria participan na charla "*Educación pola mobilidade*" (RACC).

- O alumnado de 2º de ESO asiste á charla "*A adolescencia e ti*"

- Cinensino: Salvatore: Así es la vida, dirixido ao alumnado de 2º de ESO

- Todo o centro celebra o **DÍA DA PAZ**

- Os alumnos de infantil, 1º e 2º ciclo de primaria celebran unha festa de disfraces con degustación de produtos típicos da época.

- O alumnado de 3º ciclo de primaria celebran unha festa de disfraces cunha demostración de cómo facer as filloas tradicionais de Moraña a cargo de Otilia de Couso.



- O alumnado de ESO e PDC participan no Concurso – Festival de **ENTROIDO**.

FEBREIRO 2008

- O alumnado de primaria viaxa a Pontevedra (Salón do libro) para ver as obras de teatro "*Los domingos no hay piratas*" e "*El ladrón de islas*".



- O alumnado de 1º e 2º ESO participan no Programa Semana Branca no que colaboran o Concello de Moraña e a Deputación Provincial..

MARZO 2008

O alumnado de ESO e PDC asiste ao Cineforum co filme "*Las mujeres de verdad tienen curvas*" colabora o Concello de Moraña

- Ed. Infantil realiza un Taller de Igualdade a cargo da Asociación Apaioga.
- O 3º ciclo de primaria visita os Petroglifos de Campolameiro e realizan un taller sobre arte rupestre.

ABRIL 2008

- O alumnado de 6º curso de primaria visita o Museo de Pontevedra.
- O 3º ciclo de primaria visita Santiago de Compostela.
- O alumnado de 2º ESO asiste ao Cinensino *Un puente hacia Terabithia*.
- O alumnado de 4º ESO e PGS participan no Programa de Orientación Profesional *Técnicas de Búsqueda de Empleo*. Colabora o Concello de Moraña.
- Participación en Santiago de Compostela no Concurso *Tíralle da Lingua* coa intervención de Francisco Seoane Abal (4º ESO). Visita do Museo do Pobo Galego e Catedral.



- Celebración da **FESTA DOS MAIOS**.
- Excursión do alumnado de 3º ESO a Tarragona e Barcelona. Colabora o Concello de Moraña.

MAIO 2008

- Visita ao Zoo de Vigo realizada polos alumnos de Ed.infantil.
- Terceiro ciclo de primaria visita a Comarca do Morrazo e Vigo.
- O alumnado de Ed. Primaria visita Santiago de Compostela.
- O alumnado de 5º, 6º de primaria, 1º, 2º, 3º, 4º PDC e PGS asisten á Charla Coloquio "*Te puede pasar 'Lesións medulares'*".
- O alumnado de 4º ESO visita o IES A Xunqueira e o CFP Fogar Provincial en Pontevedra. Actividade organizada polo departamento de orientación.



- Os/as alumnos/as de 4º ESO participan no Programa "O Meu Primeiro Voo", cunha viaxe a Madrid. Colaboran o Concello de Moraña e a Deputación Provincial.
- *Concerto didáctico de música tradicional* a cargo do **Grupo ARDENTÍA** dirixido a todo o alumnado da ESO con motivo da celebración da **SEMANA DAS LETRAS GALEGAS**.



- *Concerto didáctico de música tradicional* a cargo do **Grupo SEIXEBRA** dirixido a Ed. Infantil e Primaria con motivo da celebración da **Semana das Letras Galegas**.
- O alumnado da ESO asiste á Viaxe-Premio do Concurso de Entroido á Península do Morrazo e Vigo.
- Os/as alumnos/as de 4º ESO realizan unha viaxe didáctica a Mallorca.
- Os/as alumnos/as de 1º e 2º ESO realizan unha excursión ao parque acuático de Cerceda.
- O alumnado de Ed. Infantil, 1º ciclo, 2º e 3º ciclo de primaria asistiu a un Taller de hábitos alimenticios ao longo do curso.
- O alumnado de 3º ciclo de Ed. Primaria e Ed. Secundaria asistiu ao longo do curso ao desenvolvemento de varias unidades didácticas do Programa de Prevención de Drogodependencias a cargo da Técnica de Saúde do Concello de Moraña.

O NOSO INVERNADOIRO



Os nenos e nenas de Educación Infantil traballamos moito no invernadoiro. Plantamos amorodos, leitugas, espinacas, cenorias, chícharos, fabas... Todas estas plantas precisan moitos coidados para medrar e por iso regámolas con moito agarimo



Plantando leitugas.



Sementando.




Regando

**E
D
C
U
C
A
C
I
O
N
E**



**I
N
F
A
N
T
I
L**

CPI "Santa Lucía", Mora-



CPI "Santa Lucía", Mora-

FESTIVAL DE NADAL 2007



Alumnos e alumnas de 4ºA

Alumnos e alumnas de 2º

PROGRAMA INFANTIL-PRIMARIA

JINGLE BELLS	INFANT	PANXOLIÑA
O TEATRILLO DOS NÚMEROS	1ªA/1ªB	TEATRO
O GLOBO AMARELO	2º A- 2º B	CANCIÓN
LA ESTRELLA DE BELÉN	4º A	TEATRO
EN LA JUNGLA	5º A 5º B	CANCIÓN
QUERIDO SHERLOCK HOLMES	6ºB	TEATRO
LOS PIRATAS	4º B	CANCIÓN
SECANDO EN EL JARDÍN	6º A-6º B	CANCIÓN
EL MISTERIO DE LAS PALMERAS	6º A	OBRA DE TEATRO
ENTREGA DE PREMIOS DE POSTAIS CONCELLO	Excm. D.JOSÉ EIRAS	
ADESTES FIDELES	3º A-3º B	PANXOLIÑA

Postal gañadora Concurso do Concello



Juan Carlos Gorís García 6º A

Postal Gañadora Concurso do Concello



Maite Señoráns Touriño (4ºESO)

PROGRAMA SECUNDARIA

IN DULCI JUBILO (MIKE OLFIELD)	2 ESO A	INTERPRETACIÓN
THE SOUND OF SILENCE (SIMON END GARFUNKEL)	3º ESO A	INTERPRETACIÓN
IN TABERNA QUANDO SUMUS (CARMINA BURANA)	3º ESO B	INTERPRETACIÓN
"LOS NIÑOS DELCORO" (BRUNO COULAIS)	4º ESO A-B	INTERPRETACIÓN
O CROCODILO QUE QUERÍA CELEBRAR O NADAL	1 ESO A	TEATRO
ESTUDIO Nº 18 DEL MARCEL MULE	ISAAC 3ºA	INTERPRETACIÓN
ESTACIÓN DE AUTOBUSES	1º ESO B	TEATRO
ESTUDIO Nº 17 DEL MARCEL MULE	ISAAC 3ºA	INTERPRETACIÓN
IDENTITY	2º ESO B	
ARIA (EUGÉNE BOZZA)	ISAAC 3º A	INTERPRETACIÓN
ENTREGA DE PREMIOS DO CONCURSO POSTAIS DE NADAL		



Agustín Fernández Paz

No mes de decembro visitounos *Agustín Fernández Paz*. Pensamos que non ía vir porque estaba enfermo, pero finalmente para alegría nosa veu. A verdade é que non nos facía moita ilusión (agás por perder clases) pois pensabamos que sería unha conferencia aburrída, pero co paso do tempo empezámonos a entreter e démonos conta de que era unha persoa humilde e moi agradable.

Contounos anécdotas moi divertidas e curiosas dos seus libros que ao primeiro non as criamos, pois parecían xustamente de "conto", pero despois descubrimos que eran verdade e cada vez desexábase que nos contara máis xa que eran fascinantes.

Falounos tamén das raíces dos seus libros, particularmente de cómo xurdira no seu maxín os que nós leramos: "Cartas de Inverno", "Trece anos de Branca", "As sombras do Faro", "Corredores de Sombra"... Vimos que detrás de cada libro había moitas cousas agochadas.

Ao final puidémoslle facer preguntas sobre a súa obra. Preguntas que el amablemente respondeu. Foron dúas horas moi amenas que pasaron rapidamente.

Gustaríanos que volve se vir porque nos pareceu unha persoa agradable, pasámo-lo moi ben e aprendemos moitas cousas.

En fin, foi unha tarde das que non se esquecen.

Ximena Gerardi Caramés (2º E.S.O.- B)



Amablemente, A. Fernández Paz asinounos exemplares das súas obras.

OS CANS

QUE SABEMOS?

Fluíron os coñecementos coma a auga da fonte. ¡Cantas cousas sabes estes nenos!, quedei perplexa co seu saber. Dixeron isto:

- Que teñen pel.(Pablo)
- Que se montan.(Andrés B.)
- Que poden ter fillos.(Carla)
- Que se sentan e obedecen
- Que os duchamos para que estean limpos.(Antía)
- Poden criar ós seus cachorros.(Sara A.)
- A cadela anda ós cans.(Andrés B)
- Cazan coellos.(Andrés C.)
- Hai varias razas: Pequínés, San Bernardo, Pastor Alemán, rastreador e can de Augas (dixo Jacobo). Todos se riron moito. Houbo dúbidas respecto a esta raza.
- Algún come dentro, na cociña.(Fernando).
- Ladran. (Sara C.)
- Que hai cans que ulen as maletas para ver se teñen droga. (Andrés Barreira).
- Tamén que hai cans que atopan as persoas debaixo dos escombros seguindo o rastro polo seu olfacto (Sara Abal)
- Necesitan comer. Roen ósos e comen penso.(Sheila).
- Viven nas nosas casas (Nerea).
- Viven algúns nas canceiras.(Nati).
- Algúns viven no monte.(José Luís)
- Hai cans abandonados.(Ali)
- Levantan a pata para facer pis.(Andrés B.)
- Lamben as crías cando nacen.(Andrés B.)
- Vixían as casas .(Enzo).



ALUMNOS



1º A



QUE QUEREMOS SABER?

- O seu nome científico.
- Outras razas de cans.
- As funcións dos cans.
- Cantos anos pode vivir un can.
- Que é estar en celo?.
- Canto tempo teñen que estar os cadelos dentro da barriga da súa nai?.
- Como se chaman os animais que maman?
- Máis cousas dos animais policias.
- Cal é o nome dos animais que viven coas per soas?.
- Teñen dentes cando nacen?




QUE APRENDEMOS?

- O nome científico do can.
- Que é un animal mamífero.
- Morfoloxía do can.
- Hábitat.
- Reprodución, o período de xestación é de 2 meses.
- As crías nacen cegos.
- Teñen oído e olfacto moi agudizados.
- Funcións segundo a raza.
- Países de orixe da raza.
- Viven entre 10 e 13 anos.



Contacontos Kalandraka

O 15 de novembro visitáronnos Iria e Luís, contáronnos os contos de “Paco”, “A bañarse”, “Queres xogar comigo?”, e “Lúa” deleitándonos tamén ca súa música. Nós, Sonia e Jorge (6º E.I.), Andrés e Gabriel (1ºA) e Lucía e Sara (1ºB) expresamos cos nosos debuxos o que máis nos impresionou.



Ben cho digo

Ben cho digo

Ben cho digo

Ben cho digo

Ben cho digo

CPI "Santa Lucía": Mora-



PRIMARIA

E.F

IMAXES

CPI "Santa Lucía": Mora-

Curso 2007-2008

13

EDUCACIÓN FÍSICA

SAÍDA Á ESTRADA

O alumnado do primeiro ciclo de Primaria, o 22 de novembro, fomos de excursión á Estrada. Visitamos o Centro Comarcal de Tabeirós e Terra de Montes onde coa axuda dunha maqueta mostráronnos toda a comarca os seus ríos, montes, aldeas e lugares de interese.



Dende alí achegámonos á Panadería Cervela, onde por uns instantes convertémonos en aprendices de panadeir@s facendo boliños e croissants. Déronnos un agasallo.



Mentres as nosas elaboracións cocían achegámonos a Academia Galega de Seguridade Pública. A nós, gústanos máis chamarlle "Academia de Policía".



Visitamos os cuartos, algunha aula, a sala de tiro onde aprendemos a poñer os grilletes e onde fan as prácticas de primeiros auxilios fixemos "o boca a boca".



Despois de xantar agardábanos o Museo Manuel Reimóndez Portela, onde quedamos abraidos coas " cousas de vello" e comparabámolas coas de hoxe. ¡Hai que ver con qué xogaban, estudaban e traballaban @s nos@s maiores!.



Excursión



O día 28 de abril os alumn@s de 5º e 6º de primaria fomos a unha excursión a Santiago de Compostela. Eramos un total de 60 e máis os 5 profesores que nos acompañaron.

Sáímos de Moraña ás 10 e chegamos a Santiago ás once aproximadamente. Ao chegar o primeiro que visitamos foi a Catedral. Estivemos ollando o Pórtico da Gloria e percorrermos de punta a punta os espazos máis interesantes mentres os profesores nos explicaban a historia dos monumentos. Tamén nos explicaron que cada fachada ten a súa praza, e visitámolas todas: a praza do Obradoiro, a da Quintana, a praza das Praterías onde está a torre Berenguela e a praza da Azabachería.

Despois da Catedral fomos a "Galicia Dixital" onde nos deron unhas gafas 3_D para ver unhas proxeccións. Había unhas cadeiras de brazos, que simulaban unha montaña rusa que nos levaba pola Catedral, as prazas e as rúas; vimos o fondo do mar dende un submarino e tamén había unha pantalla na que aparecía o botafumeiro e había unhas cordas que ao tirar por ela movíase o botafumeiro da pantalla.

Ao terminar compramos regalos e recordos de azabachería e marchamos a un merendeiro que estaba preto da avenida Xoan XXIII. Despois de comer xogamos nun parque moi bonito alí ao lado mentres esperamos á hora de ir andando para o Parlamento Galego. No Parlamento de Galicia visitamos o salón de Plenos e fixemos unha foto todos xuntos; a guía mostrounos varias salas dos diferentes partidos e a biblioteca.

Na entrada principal había unha enorme alfombra co escudo de Galicia no medio e outros escudos diferentes a cada lado; ensináronnos unha sala moi longa que tiña caricaturas nas paredes de personalidades da nosa cultura. Cando saímos regaláronnos a todos un portacedés.

Chegou a hora de marchar e con moita fame fomos merendar a un prado na beira do



santiago de Compostela



UN CESTO DE VIMBIAS



A idea de facer un cesto de vimbias xurdiu un día na clase de Lingua Galega. A mestra explicounos a necesidade de facer isto noutros tempos, dado que non había recipientes de plástico, para transportar millo, herba, uvas... Propúxonos facer un na casa a todos aqueles que tiveramos vimbios e deunos unha lixeira información de cómo empezalo, aconsellándonos tamén que lles preguntáramos aos nosos avós.

Un día, que fun á casa da miña avoa, pedílle que me deixara uns poucos vimbios e empecei eu soa a facer un cestiño. Non me saía. Cando miña avoa viu que non era capaz, ofreceume a súa axuda, aínda que ela tampouco nunca fixera ningún.

A avoa e eu collemos seis vimbios, fendémolos á metade, cravámoslos en forma de asterisco nunha táboa e metémolles un arame trenzando as vimbias arriba e abaixo, arriba e abaixo... Despois dun par de voltas, fixemos o mesmo substituíndo o arame por vimbias ata que completamos a base.

A meu irmán entroulle a curiosidade e botounos unha man para rematar o cesto. Dobramos os vimbios partidos cara arriba e continuamos trenzando do mesmo xeito ca na base. Unha vez rematado des-cravámolo da táboa onde estaba preso e levámolo á escola para ensinarllo á mestra e aos compañeiros.

Quedou alí pendurado, pero ao final de curso habémolo levar para a casa.

Penso que miña avoa tamén o pasou ben connosco axudándonos a facer este pequeno labor, porque nos dixó que cando tivera tempo había facer un para as patacas.

Patricia e Jose López Cadahía (1ºESO B)



OS QUE FORON

Marchamos un domingo sobre a unha menos cuarto dende o colexio, todos estabamos moi contentos. O camiño fíxosenos un pouco longo, recollemos a nenos doutro colexio e cando chegamos alá xa era noiteña. Distribuíron as habitacións, déronnos unha cea exquisita e informáronnos do que íamos facer ao día seguinte.

Esperabamos moi cedo, almorzabamos e marchabamos para as pistas a esquiar toda a mañá. No tempo libre xogamos a tirarnos pola neve, fixemos un gran boneco de neve e un iglú.

Polas tardes íamos visitar igrexas, museos... Un día fomos a León, visitamos a catedral e aproveitamos para mercar agasallos.

O mellor día foi o xoves pola noite. Leváronnos a un "puf", bailamos e pasámolo moi ben a pesares de estarmos moi cansados. Ao día seguinte tiñamos que regresar e estabamos tristes porque non queríamos volver. Fixemos moitos amigos!!!

O que máis me gustou foi coñecer xente e esquiar.

Ao chegar a casa repartín moitos agasallos.

Ángela Pérez Sanmartín
(1º E.S.O. A)



E
X
C
U
R
S
I
Ó
N



OS QUE QUEDARON

O luns, ao chegar a clase, colocamos as mesas para que colleran os de 1ºB e demos as clases que nos tocaban. Marchamos para a casa con poucos deberes o mesmo que o resto da semana.

Pasámolo ben nas clases porque vimos películas, fomos a informática, fixemos exercicios entretidos e entendímonos moi ben cos nosos compañeiros.

A semana pasou moi rápido, debeu ser porque o pasamos ben. Rimos moito e divertímonos bastante. Agora toca traballar e estudar coma sempre, pero polo menos tivemos unha semana tranquila.

María Bello Diz
(1º E.S.O. A)

Á
N
E
V
E

O día do libro celébrase o 23 de abril en lembranza do famoso escritor Don Miguel de Cervantes. A súa novela máis importante é Don Quixote de A Mancha. Os alumnos e alumnas de 2ºA quixemos coñecer mellor esta obra e adicamos uns días para ler unha adaptación escrita para nenos. ¡Mirade algunha das súas aventuras!

DON QUIXOTE DE LA MANCHA
Autor: Miguel de Cervantes

23

DE

Aventura dos muiños de vento


- ¡Muiños, son trinta ou corenta enormes e feros xigantes! - exclamou Don Quixote!
- Señor, non son xigantes, son muiños de vento! - respondeu Sancho Panza.
- Son xigantes! E lanzouse ao galope ata os muiños.



ABRIL

Aventura das ovelas e carneiros

- Ves aquela nube de po que se achega?
- Son dous exercitos que se dispoñen a entrar en batalla! - vociferou Don Quixote.
- Non son exercitos! Son ovelas e carneiros!
- berrou Sancho.



Dulcinea de O Toboso

- Señor, saíde do bosque e veredes que a vosa señora Dulcinea ven a buscarvos!

- Eu só vexo a tres labregas montadas en tres burros grisos - díxolle ao seu escudero.

- Ai ... Sancho, amigo! - lamentouse Don Quixote. Ese malvado mago, o que convertiu os xigantes en miñños, enfeitizou á miña señora Dulcinea. Que desgraciado son! O máis desgraciado dos homes deste mundo!




DÍA



LIBRO

DO



Aventura da volta á casa

"O crego e o barbeiro dishazáronse, un con cornos e rabo e o outro de monstro con só ollos e dúas bocas. Entón, ataron ao durmido cabaleiro andante, metérono nunha gaiola e levarono de volta á casa."

Moraba - ¡Hai xa que tempo! - nunha aldea de Enderantes (Lugo), un home xoto de carácter, enrabachaba por calquera cousa e estocaba que poñía medo.

Este home tiña un fillo que era xa un mozállon, bo rapaz, amigo das nenas e das romaxes e festas, aínda que non lle vinaba as contas ó traballo. Decía que "cada cousa ao seu tempo"; e de acordo con tal dito así o facía.

Mais o pai quería telo de cote turrando de legón e non lle parecía ben que o mozo se divertía, porque as xoidas gastaban as forcas que cumpían para o traballo. Un día rifaron pai e fillo por mor de que o rapaz quería ir á festa de Pedrafita e o pai temaba en que fose facer unha queimada.

Nun día de festa non se traballa, que é pecado - decía o mozo -; e a queimada se non se fai un día faise outro: mais, á festa, pasado o seu día pasou a romaxe e a festa perdeu-se.

O que non se fai é ir de gableira cando hai un labo que atender.

Nunquie dou doua quería caudecer. O cabo e pai al-porizous e berrou:

¡Boia voste á festa, e como vas dtras das mozas, así permite Deus que ande atrás das idras.

¡Nunca tal dixera!



CPI "Santa Lucía": Mora-

LENDA



Unha noite o rapaz acordou na cama; sentíase desacougado, non tiña parada, e rematou pondo as calçons e saíndo á era. Unha forza estraña empurrábase cara ó monte e votouse a camiñar pola encosta arriba. Chegou a un baameiro e emborcállouse na herba humedeada polo resío da noite. ¿Porque facía aquilo? Non o sabía. Mais aconteceu que cando tentou de se eriguer, non puído: estaba á catiós péa, botou a correr cara ó cumio do monte, aurrando coma un lobo, e atrás das lobas comou con adecido.

Na aldea falouse moito da desaparición do mozo.

Falouse tamén dun lobo carnal que xa tiña escollado moitos anos e deixara moitos alquira coenica. O pai do rapaz desaparecido comezou a dizar no caso: lembrouse da súa maldición e estareceuse. ¿Aquel lobo sería o seu fillo?

Entón foi or unha vella, quisique era milga e contalle a cousa.

¡Ai, home - díxolle - or vella - a maldición do pai e o peor que poida haver para un fillo! Un pai non debe maldicir o seu mesmo sangue. Mais, se é el, haiche un remedio para voltalo á vida dos humarxa. Non é cousa doada, pois pódelle causar a morte, ou el mesmo pódete matar a ti, porque perdeu todo o sentido dos homes.

¿E que hai facer daquela?

CPI "Santa Lucía": Mora-

LOBIS HOME

CPI "Santa Lucía". Mora-

Vaid se poder facelle sangue, mais que non sexa de morte, nin sequera de deixamento ou mancadura porque se llo fixeses moito mal, ese mal quedaríalle e recobralo seu ser.

Saiu caviloso o vello da casa da meiga, e moito caviloso de volta á súa casa en como había facer. Mais, aínda que se, vira en perigo de morte, mellor quería morrer antes quería morrer que saber que o seu fillo perdido daquela maneira.

A noite seguinte decidiu ir na procura do lobo.

Armouse nada máis dun coitelo; portou consigo un rexelo e atouno ó pé dunha taxeira onde el se agachou entre unas uces no coitelo na man.

A noite seguinte viu como o rexelo se estarecía alporizado e como que o lobo se achegaba. Despois sentiu un leve movemento no peto; como dalgunha cousa que tremblaba; poída que o chaito do lobo para trabar no carneiro; un espereñar do animal... Pasliñamente, calidamente, achegouse... Alí estaba o lobo! Chantaba os dentes nas carnes moles do rexelo sen se decata da súa presenza.

Como tiña medo a ferir de máis, espetoulle a punta do coitelo no lombo que votou axiña, no chan o lobo revirouse arregañando os dentes.

O home botoulle os brazos ó pescoso, chamándolle: ¡Fillo, fillo! e pedíndolle perdón, sabiando.

Daquela o peto do lobo comencouse a abir pola ferida, e coma se fose un folecho foise despendendo do corpo.

Unha saucudela, emercallouse entre as uces e as taxas, e o rapaz ío seu fillo! que recobrou o ser, esmañado, mais tal como era antes de maldicilo.

CPI "Santa Lucía". Mora-

Alumnos-as de 5º A

VISITAMOS O MUSEO DO POBO GALEGO



Os meus de 1º A e 1º B fomos a Santiago de excursión. Visitamos o Museo do Pobo Galego.

Cousas que vimos no museo:



Unha maza para pescar polbos.



Unha escabeira de caracol única no mundo.



Un aparello para levar palla.

Como chovía, comemos en Area Central e despois voltamos para Moraña. Pasámolo moi ben.

EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO 3º ESO TARRAGONA E BARCELONA

Todo o bo dura pouco

Era a nosa primeira excursión escolar de fin de curso con máis dun día de lecer, sen contar os días pasados na estación de neve San Isidro.

Foron unhas vacacións culturais e moi divertidas. Visitamos Burgos e a súa catedral de Santa María coas súas innumerables capelas. Paseamos polas rúas de Tarragona, polo anfiteatro romano e polas súas grandes murallas.

En Barcelona contemplamos a Sagrada Familia, percorremos os sendeiros do parque Güell, e paseamos polas rúas máis importantes chegando ata o porto. As Ramblas estaban ategadas literalmente polos libros e pola xente que intentaba mercar un libro, conseguir unha adicatoria dalgún escritor ou levar unha rosa xa que se celebraba o día de Sant Jordi.

Pero non todo foi visitar monumentos, tamén tivemos un día enteiro para disfrutar das instalacións de Port Aventura.

A derradeira visita, pero non por iso a menos importante foi ao parque do Monasterio de Piedra coas súas incontables fervezas.

Voltamos cansos, pero con ilusión de volver.

Juan Redondo Gago 3º ESO B



O primeiro día foi sobre rodas, parando en Burgos, visitando a súa catedral mastodóntica e xa tirando á noite visitamos Zaragoza. E entre vídeos e demais pasatempos chegamos ó hotel de Tarragona.

O segundo día visitamos Tarragona capital percorrendo un castelo de orixe románica e un derruído anfiteatro, preto do mar. A tarde deste día tivémola libre e dedicámola a ir á praia, mercar agasallos en postos ambulantes, etc.

O terceiro día pasámolo en Barcelona, cidade chea de xente de todos os países xa que se celebraba o Sant Jordi. Fomos no metro dende o paseo marítimo, co mar cheo de muxes famentos, ata a catedral da Sagrada Familia, onde había moitos indixentes intentando gañar algún diñeiro tocando algún instrumento musical nunha cidade tan pouco caritativa como é Barcelona.

O penúltimo día pasámolo no parque de atraccións onde alumnos e profesores disfrutamos da estancia que máis mereceu a pena.

O último día pasámolo durmindo todo o que non durmimos durante a semana, parando en Burgos ata retornar a Galicia.

Julián Barrosa e Adrián Doval (3ºESO A)

LETRAS GALEGAS

Este ano adícaselle o Día das Letras Galegas a Xosé María Álvarez Blázquez, un autor da xeración do 36.

Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 5 de febreiro de 1915-Vigo, 2 de marzo de 1985) é unha das figuras máis laboriosas da cultura galega, cunha gran actividade que chega dende a literatura (novela, poesía, teatro) ata a investigación como arqueólogo e a súa tarefa coma editor e galeguista, militando na Federación de Mocidades Galeguistas e no Partido Galeguista.

Será o homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2008.

É un dos representantes da poesía neotrobadores, vangarda poética xurdida ao redor de 1930 debida á difusión en Galiza da lírica medieval galego-portuguesa .

En 1950 fundou con Luís Viñas Cortegoso a Editorial Monterrey. En 1962 ingresa na Real Academia Galega. Funda, xunto aos seus irmáns Álvaro e Emilio Edicións Castrelos en 1964, da que foi director xerente, e na que destaca a colección de "O Moucho", libros do pobo para o pobo, uns libriños de baixo prezo e gran difusión que marcaron época nos anos 60 e 70 do pasado século que contaron cunha grande aceptación por parte dos lectores, como destaca as reedicións de O Catecismo do Labrego . Foi cronista oficial da cidade de Vigo.

Dedicou atención ao estudo da Arqueoloxía, que tivo como resultados os descubrimentos de laudas sepulcrais da época romana en Vigo, das industrias paleolíticas do Baixo Miño e das Gándaras de Budiño, de restos dunha instalación romana de obtención de aceite de oliva en Teis (Pontevedra), unha cisterna con enxoval funerario da época do bronce en Atios (Pontevedra), etc.

Na investigación literaria descubriu a égloga Belmiro e Benigno de Pastor Díaz, e realizou contribucións a época chamada da Decadencia (Escolma de Poesía Galega t.II), con investigacións que alcanzan ao teatro, as panxoliñas, a poesía lírica, a prosa político-social, a poesía panfletaria, o romanceiro, etc., da citada época.

Xosé María Álvarez Blázquez colaborou en diversos medios (BBC de Londres, Radio Vigo, Prensa de Galiza, Portugal e América, etc.) e pronunciou moitas conferencias en España e no mundo. Algúns dos seus poemas teñen sido musicados polos mestres Freitas Branco, Rodolfo halff-ter, Groba Groba e Ignacio Iglesias. Mostras da súa obra poética figuran en antoloxías de Enrique de Arcoaga, Varela Jácome, Fernández del Riego, González Alegre, etc. A súa novela *En el pueblo hay caras nuevas* foi traducida ao francés (Nogent-sur-Marne, 1969).

Tamara García e Alessia Ruibal

2008

DESTERRO

Qué lonxe vivo,
 Ai, madre!
 qué lonxe estou.
 Unha anduriña
 Madre,
 Que non tornou.

XOSÉ M^a

Álvarez

**DONA**

Coma un vento, lixeira,
 Eu ben te vin chegar.
 Traguías unha estrela
 Beillándoche na man.

Canle segredo

Facía un frío do demo.
 Amparado nun recío
 Pediume esmola o Peilán
 - Non tes frío?- Neno teño.
 Pra que vou querer ter frío
 se nunca tiven gabán ?

Blázquez

PERO AMIGO?,
 ROI PAES DE RIBELA?
 María Balteira, de saya çintada,
 foi por guanhar mui boa soldada
 ena sazón que se fezo cruzada.
 Por én, bailemos aquesta bailada.

Cancioneiro de Monfero



ARMAZÓN



COSEMOS FIUNCHO



CADENETAS



CUBRIMOS O ARMAZÓN



CELEBRAMOS OS MAIOS



O CHIKI MAIO

SACHEA, SACHEA
BAILA O CHIKI MAIO
BAILA O CHIKI MAIO
BAILAO O MORAÑÉS
CANDO TEN LUMBAGO

EO CHIKI MAIO
BÁILASE ASÍ:
1. O AMAIADO
2. O JAITEIRO
3. O ENTROMPADO
4. O CAVILÓ

BÁILANO NO COCHE,
BÁILANO NO
MAQUINILLO,
BÁILANO NO BUS
E TAMÉN NO
TRATORILLO

E O CHIKI MAIO
BAILASE ASÍ:
1. O AMAIADO
2. O JAITEIRO
3. O ENTROMPADO
4. O CAVILÓ

Esteban Fojo,
Francisco Seoane,
Diego Cano
(4º ESO A)

@ Biblioteca

Hoxe aproveitamos a oportunidade que nos brinda a revista para poñernos en contacto con vós e presentarvos o que na biblioteca se está a facer.

Estamos nun tempo de cambio, de moito traballo na trastenda que esperamos que en vindeiros cursos poida dar os froitos que con ilusión agardamos. Pretendemos que aumente o amor e o interese pola lectura en todos os ámbitos. Para isto comezamos por renovar, actualizar e reorganizar os nosos fondos presentándooos a todo o alumnado en exposicións como foron as adicadas a editorial Kalandraka, ao Nadal nos libros, os agasallos dos Reis (as novidades), Álvarez Blázquez e a súa obra, participación de contacontos, a posta en marcha da lectura en familia coas nosas Mochilas Viaxeiras, o préstamo diario no tempo do recreo e a posta en marcha dun novo programa informático que nun futuro nos permitirá xestionar e controlar todos os recursos bibliográficos que ten o centro tanto en material impreso como en formato audiovisual, informático, etc.

Podedes entrar na nosa biblioteca dende a páxina <http://www.opacmeiga.org/>, de momento soamente está operativa para consultar o catálogo que está rexistrado, máis adiante abrirase un mundo de posibilidades do cal xa vos iremos informando.

Agradecer a axuda desinteresada de tod@s @s que están a bolar unha man para que isto sexa posible. Para despedirnos deixámoosvos unha lista de lecturas recomendadas de últimas novidades para que neste verán a lectura se convirta noutra xeito máis de pasar un rato agradable.

Lecturas recomendadas

Prelectores:

- "A tarataruga que quería durmir" Alessandra Cimadoribus. OQO Editora
- "A Popus no le gusta" Teresa Siméneez. Ed. Tandém.
- "El viejo árbol" Ruth Brown. Ed. Juventud.
- "El tesoro de la isla del pirata Calavera" Martín Taylor. Ed. Combel
- "Una mamá para Owen" Marion Dane. Ed. Serres
- "El mejor padre de todos" Peter Korn. Ed. Zanzibar

Primeir@s lectores:

- "Ollobrusco" Darabuc. OQO Editora
- "Imaxina animais" Xosé Ballesteros. Ed. Kalandraka
- "Mamá del mundo" Anne Lauprête. Ed. La Galera
- "La niña y la gata" Lilia Lardone. Ed. Comunicarte
- "Kirikú y el fetiche extraviado" Michel Ocelot. Ed. Kókinos

Lector@s autónom@s:

- "Lía e as zapatillas de deportes" María Reimóndez Meilán. Ed. Xerais
- "El libro de los agujeros" Claire Didier. Ed. SM
- "El caso del calcetín apestoso" Joachim Friedrich. Ed. Edebé
- "Las gallinas locas y el amor" Cornelia Funke. Ediciones B

Lector@s expert@s:

- "A pomba e o degolado" Fina Casalderrey. Ed. Xerais
- "Los seis signos de la luz" Susan Cooper. Ed. Destino
- "El éxodo de los gnomos" Terry Pratchett. Ed. Timún Mas
- "La emperatriz de los etéreos" Laura Gallego García. Ed. Alaguara

Xuvenil:

- "O neno do pixama a raias" Boyne John. Ed. Fakteria K de libros
- "El final de la inocencia" Linzi Glass. Ed. Siruela
- "Un hombre feliz" Antonio Seijas Cruz. Ed. Demipage
- "Trilogía de la niebla" Carlos Ruiz Zafón Ed. Planeta

SAÍDA DE ORIENTACIÓN PROFESIONAL

O xoves 8 de maio tivo lugar a saída anual organizada polo departamento de Orientación destinada a alumnado de 4º de ESO para visitar institutos de Pontevedra que ofertan ciclos formativos de Formación Profesional.

Esta saída ten un especial interese de cara á nosa Orientación Profesional, dado que así podemos recibir información de primeira man sobre os Ciclos Formativos que se imparten nos respectivos centros, visitar as aulas taller dos distintos módulos e percibir os traballos que se deben realizar no exercicio das distintas profesións.

No IES Xunqueira visitamos as aulas taller dos seguintes Ciclos: C.M. Equipos Electrónicos de Consumo, C.M. Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble, C.M. Carrozaría, C.M. Electromecánica de vehículos, C.S. Desenvolvemento de produtos electrónicos, C.S. Sistemas de telecomunicación e informáticos.



O que máis nos chamou a atención foi o ben equipados que estaban en xeral os talleres:

- No de Madeira: non había a penas serrín nin po, debido a que todas as máquinas tiñan extractores; había máquinas que tiñan unha especie de ordenador conectado de maneira que, se metiamos a través do seu teclado un proxecto determinado precisando as coordenadas, a máquina executábo a soíña.
- No de Desenvolvementos de produtos electrónicos puidemos contemplar "as tripas" de ordenadores e de diversos electrodomésticos e mesmo proxectos de alumnos que poderíamos calificar de pequenos inventos.



- Sen embargo, os talleres que cautivaron a maioría do "persoal" masculino foron os de Electromecánica e Carrozaría cos seus coches e motores. Aquí tamén nos dixeron que agora para reparar os coches temos que axudarnos de ordenadores.

No IES Fogar Provincial Príncipe Felipe fomos recibidos pola Sra. Vicedirectora que nos acompañou nun ameno percorrido polos seguintes ciclos: C.M. Farmacia, C.M. Preimpresión en Artes Gráficas, C.M. Impresión en Artes Gráficas, C.S. Producción en industrias de artes gráficas, C.S. Anatomía Patolóxica e Citoloxía.

- Na aula de Farmacia, a profesora fixo unha simpática presentación do Ciclo e obsequiounos con cosméticos elaborados polas alumnas: cremas anticelulíticas, hidratantes, cremas de mans,.. Cabe salientar que nos custou un pouco de traballo proseguir a visita porque os alumnos querían quedarse a facerlles compañía ás alumnas deste Ciclo..
- No laboratorio de Anatomía Patolóxica e Citoloxía observamos diversas mostras de tecido humano e mesmo unha vesícula biliar conservada en formol.
- No taller do Programa de Garantía Social de Auxiliar de Perruquería comprobamos como se poñían guapas as alumnas.
- Na aula de Preimpresión fixeron unha pequena broma cunhas fotos de alumnos e, ao final sacaron uns carteis moi divertidos.



- Finalmente, no taller de Impresión recibimos novamente agasallos: un caderno e un bolígrafo impresos polo alumnado do Ciclo, para tomar notas e poder deseñar alí o noso futuro educativo e profesional.

Rematada a visita, volvemos para Moraña, todos moi contentos cos nosos obsequios; pero, todo hai que dicilo, cos estómagos un pouco baleiros: Botamos de menos os succulentos "pinchiños" que lles puxeron ao alumnado de 4º de ESO de cursos anteriores no IES Carlos Oroza (Hostalería). Esperamos que o departamento de Orientación, o ano próximo, organice a visita tendo en conta esta suxestión dos nosos estómagos.

PRESENTE E FUTURO DA MÚSICA EN MORAÑA

SEIXEBRA

A asociación cultural Seixebra é una agrupación folclórica que se creou no ano 1995 en Moraña coa intención de revivir a cultura e a tradición galega. Seixebra conta con máis de cincuenta membros entre a escola de baile, gaita percusión e acordeón.

Os pasos desta agrupación folclórica son moi longos, debutando así en lugares coma Rianxo, Moreira, Salamanca... Seixebra tamén é coñecida internacionalmente en lugares coma Oporto.


Os seus ensaios celébranse nun local no lugar de "O Buelo", Moraña, onde se aprenden novos bailes e pezas recollidas en distintas zonas de Galicia.



A ESCOLA DE MÚSICA DE MORAÑA

Como moitos xa saben en Moraña hai una escola de música . Nela ofrécense clases de linguaxe musical (hora e media semanal) e tamén de instrumento (unha hora semanal); sendo case a única escola de musica a nivel de Galicia, exceptuando conservatorios, na que se ofrece unha hora semanal de instrumento. Ó final de cada trimestre na casa da cultura do concello celébrase un concerto no que actúan os alumnos da escola. A escola de música tamén conta cunha pequena agrupación musical na que participan tanto profesores coma alumnos. A agrupación tamén actúa nos concertos da escola, pero no mes de xullo é cando preparan pezas novas para despois expoñelas nun concerto dedicado especialmente á agrupación. As portas da escola están abertas a todos aqueles que queiran entrar e teñan un mínimo de idade de tres anos. Así que xa saben, en setembro abrírase de novo a matrícula para todos aqueles que se queiran sumar a esta grande iniciativa que esperamos que siga adiante.

ARDEGAN



Dando un toque de modernismo, presentamos a un grupo de metal progresivo nacido en Rial (Moraña), Ardegan. Ardegan comeza o seu camiño a principios do ano 2001. Despois de varios anos de saídas e entrada de varios músicos nas súas filas, Ardegan, consegue unha formación fixa e equilibrada en xullo do 2007, o que lle permite seguir coa súa serie de concertos por toda a xeografía galega e establecer novas metas. Actualmente, os compoñentes dun dos grupos máis prometedores de Galicia, atópanse traballando no seu primeiro traballo de estudo; o que está previsto que saia á luz o vindeiro 25 de xullo na súa actuación na festa do Carneiro ó Espeto 2008 aquí en Moraña.

Maite Señoráns e Esperanza Silva (4º ESO B)

Moraña C.F.

Moraña C.F.



En Moraña practicamos moitos tipos de deportes: fútbol (masculino e feminino), aerobio, patinaxe, ... Pero o que máis destaca é o fútbol masculino. O nome do equipo é Moraña C. F. , e nós somos unhas grandes seguidoras del.

O club está presidido por Celso Couso García. Nel hai moitas categorías de todas as idades como : os infantís, os cadetes, os xuvenís, ...

Nós imos falar dos xuvenís, xa que os xogadores son máis ou menos da nosa idade e son coñecidos.

O equipo está composto por arredor de dezaioito xogadores, dos cales cabe salientar ao seu capitán Daniel Gamallo que xoga co número 3 de lateral esquerdo. O seu adestrador é Carlos Monteagudo.

Teñen unha defensa sólida que os axuda nos partidos, bos xogadores que fan bos goles e por suposto un gran porteiro.

Os adestramentos son longos e duros, ademais de que os fan no campo de terra e as caídas son peores. No vestiario, hai un bo ambiente entre todos os xogadores.

Que teña asistido aos seus partidos saberá que o Moraña é un equipo con carácter, que non se deixa asoballar polos seus contrarios, nin polos árbitros. A súa afección está composta por xente de todas as idades e sexos: pais, nais, mozas, amigos e amigas, como nós. Nesta liga quedaron en terceiro lugar, pero a clasificación estivo moi disputada.

Algúns dos xogadores dixéronnos que en breve xogarán a copa, por iso desexámoslles moita sorte cos partidos, e seguro que os iremos animar.

Para rematar queríamos resaltar que algúns dos xogadores dos cadetes xogan cos xuvenís se fai falla, por iso decidimos facerlle unha entrevista ao capitán deste equipo Juan José Seijo Mandallo.

- Ola, Juan, poderías dicirnos cantos anos levas xogando no Moraña?
- Levo seis anos, desde os dez.
- Que tal os partidos nesta temporada?
- Moi ben.
- Cantos goles marcaches?
- Sobre quince.
- O lugar no que normalmente xogas, cal é?
- Medio campo, que hai que destacar por iso son o capitán.
- Cal é o teu número?
- O catro, aínda que me gusta máis o doce.
- Cantos partidos xogaches cos xuvenís?
- Moitos.
- Que esperas para o futuro na categoría xuvenil?
- Estoume replanteando marchar para outro equipo.



Noelira Medina
Mirian Remiseiro
Almudena Rubial
(4º ESO B)

Moitas grazas pola túa colaboración.

Ben, así rematamos agradecendo a colaboración de Juanjo e dalgún xogador máis por contestarnos a estas preguntas.

MARABILLAS DE MORANA

COLOCA EN CADA PÉ DE FOTO O NOME DOS DIFERENTES LUGARES, FESTIVIDADES, MONUMENTOS, ... ,QUE SE VEN NAS DIFERENTES IMAXES

CPI "Santa Lucía". Mora-



CPI "Santa Lucía". Mora-

SOLUCIÓNS

- PAZO DA BUZACA
- ROTEIRO DAS LAXES
- CARNEIRO AO ESPETO
- MENHIR DE GARGANTÁNS
- IGRESIA DE SAN MARTINO DE GARGANTÁNS
- FORTE DE AMIL
- FERVENZA DAS LAXES

O NOSO PASO POLO CPI SANTA LUCÍA

Con tan só tres anos xa daba comezo o noso paso polo CPI Santa Lucía. Aquí estreamos as nosas palabras que anteriormente aprenderamos a pronunciar na nosa casa. Neste tempo comezabamos a manter as nosas propias conversas cos rapaces da nosa idade. Aquí fixemos amigos. Que recordos!!! Quen vai dicir que non ten unha soa lembranza de cando eramos pequenos? Os xogos no patio, as figuriñas de plastilina, comidiñas feitas de area, aquel salgueiro no que as rapazas xogabamos ás raíñas e os rapaces a Tarzán... Pero non todo era diversión e entretemento. Ás veces había algún que outro castigo, incluso para toda a clase. Non vos lembrades de cando nos poñían de pé mirando cara a esquina? Os choros dalgúns foron memorables.



Co paso do tempo iamos avanzando e deixando atrás xogos, amizades, profesores... Todo cambiaba e cada curso era un novo reto. Tiñamos máis materias e diferente profesorado. Unha das cousas máis importantes é lembrar aos mestres que durante tantos anos nos tiveron que aturar. Realmente moitos deles víronnos medrar. O exemplo máis claro son os de educación infantil. Sempre saberemos quen foi o noso primeiro profesor ou profesora, quen foi o que máis anos estivo con nós e como non, o que tiña o carácter máis forte.

Este tamén será o noso último ano de comedor. Despois de tanto tempo comendo coa mesma xente, cos amigos. Despedímonos destas horas de charla e do recreo da sobremesa, no que descansabamos as nosas cabeciñas e falabamos das nosas cousas.

Agora tócanos subir un chanzo. A uns tocaralle ir ao instituto para seguir cos nosos estudos. Será coma comezar de novo no colexio, un proceso de adaptación polo que todos teremos que pasar. Facer novos compañeiros, adaptarnos ao cambio de horario, aos mestres... E a outros comezar co mundo laboral, un mundo ao que nós aínda non estamos acostumbrados, pero co tempo terémonos que familiarizar con el.

Non esqueceremos aqueles intres da nosa infancia que atesouramos na nosa memoria, e que recordamos como se ocorresen hoxe.

Para nós é un pracer participar nesta revista. Así despedímonos de todo aquilo que nos acompañou durante case trece anos, tempo que estivemos neste colexio.

Agora somos nós os que vos damos ánimos, e así desexámosvos sorte nos estudos. E que o voso paso polo CPI Santa Lucía sexa agradable. **SORTE COMPAÑEIROS!!**

Mariña Búa González e María Gamallo Silva (4º ESO)

**ALUMNOS 4º ESO A**

Adrián Alende Garrido
Silvia Ameal Cores
Mariña Búa González
Diego Cano Fuentes
Eloi Carramal Búa
Hugo Castro Fariña
Sandra Díaz Lemos
Esteban Fojo Garrido
Javier Fontán Fernández
María Gamallo Silva
Daniel Monteagudo Piñeiro
Francisco Seoane Abal

CURSO 2007-2008

ALUMNOS 4º ESO B

Javier Barreira Pérez
Tamara García Pérez
Kaja Laskarzew
Noelia Medina Núñez
Adrián Montero Zas
Hugo Pereira Silva
J. Carlos Pereira Villaverde
Mirian Remiseiro Núñez
Almudena Ruibal Barros
Alessia Ruibal Pereira
Maite Señoráns Touriño
Esperanza Silva Cruz





NUN LOUVIANO PAÍS VIVIA A TARTARUGA MARUKA FELIZ NA SUA CASA

... DESPREOCUPADAMENTE, HIPÓCITO O COELHO, VIZIA A VIDA LOCAL.

... DESPREOCUPADAMENTE O COELHO FEDERICO LIVIA LA VIDA

MIRAR QUE CASA TAN BONITA TEN, VOU ME FAZER COM ELA

CHEGA O DIA DA CARREIRA

OSTIA NA VEIGA, CANTO DURMIN, NON CHEGO

NOOOON, PERDIN ESTOU ACABADO

TOVA SON O NOVO SCHUMACHER DA VELOCIDAD

ESTE CASO ÉU SEAS O MEU ESCRAVO

TRÁS, NOTAR UMHA ARRUBADA COMO CANDO CANTA CASA

CAUSO, ACABO PATRER E CASAL, O CIGRELE E EN A CEA.

OS RESEN, SO BARRA A PENHA

MIRAR QUE CASA TEN, VOU ME FAZER COM ELA

OSTIAS, CANTO DURMIN, NON CHEGO

VOU A DE ROSE, VOU A DE ROSE, VOU A DE ROSE

OS RESEN, OS RESEN, OS RESEN

NUN LOUVIANO PAÍS VIVIA A TARTARUGA MARUKA FELIZ NA SUA CASA

... DESPREOCUPADAMENTE, HIPÓCITO O COELHO, VIZIA A VIDA LOCAL.

... DESPREOCUPADAMENTE O COELHO FEDERICO LIVIA LA VIDA

MIRAR QUE CASA TAN BONITA TEN, VOU ME FAZER COM ELA

CHEGA O DIA DA CARREIRA

OSTIA NA VEIGA, CANTO DURMIN, NON CHEGO

NOOOON, PERDIN ESTOU ACABADO

TOVA SON O NOVO SCHUMACHER DA VELOCIDAD

ESTE CASO ÉU SEAS O MEU ESCRAVO

TRÁS, NOTAR UMHA ARRUBADA COMO CANDO CANTA CASA

CAUSO, ACABO PATRER E CASAL, O CIGRELE E EN A CEA.

OS RESEN, SO BARRA A PENHA

MIRAR QUE CASA TEN, VOU ME FAZER COM ELA

OSTIAS, CANTO DURMIN, NON CHEGO

VOU A DE ROSE, VOU A DE ROSE, VOU A DE ROSE

OS RESEN, OS RESEN, OS RESEN